

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 23/09/2024
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO
DIEGO GARCIA SANTIAGO
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES
TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/3565

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa AIRBOX SA, para revisión anual obrigatoria dos equipos de respiración autónoma (ERA's), por un importe total de 2.951,63 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22706.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/3566

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa REFORMAS TREBOL SL, para reparación de filtracións da cuberta da Escola Infantil A Galiña Azul de Carril, por un importe total de 2.541,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 323.212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/3507

Dáse conta de escrito presentado por D. Alberto Blanco Pereira solicitando a colocación dun espello para mellorar a visibilidade na intersección de Travesía Salgueiral, á altura do nº 11.

Visto o informe da Policía Local no que se fai constar que efectivamente a visibilidade é moi reducida ao existir estacionamento en liña na mesma marxe da intersección, a Xunta de Goberno Local acorda que polo Concello se proceda á instalación do espello solicitado.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Alvaro).

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 23/09/2024 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 16-sep-2024, que se aprobou por unanimidade.

PRP2024/3577

Dáse conta do escrito presentado por Club Olímpic Vilagarcía, solicitando autorización para celebración de talleres de Taekwondo e Talleres e Taekwondo e Zumba o día 28 de setembro na Praza de Galicia, en horario de 9:30 a 14:00 horas, así como a colaboración municipal coa cesión de material e realización de carteis publicitarios.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a celebración do evento, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/3425

Dáse conta do escrito presentado por Dona Esperanza de la Torre Oliveira, solicitando a instalación de badens reductores de velocidade na Rúa do Adro, por tratarse dunha vía estreita e carecer de beirarrúa.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que se trata dun tramo recto de dobre sentido circulatorio e sen marcas viarias nin beirarrúas, polo que consideran conveniente a colocación de lombos reductores de velocidade á altura da metade do trazado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se incluírá a colocación dos badéns no plan de reductores de velocidade.

PRP2024/3426

Dáse conta de escrito presentado por Dona Yolanda Güimil Mallo no que indica que é propietaria dun baixo con vao permanente na Rúa Celso Emilio Ferreiro nº 3-baixo, que se atopa debidamente sinalizado, e que entre o citado vao e o do garaxe do edificio queda un espazo no que aparcan vehículos, que ás veces invaden parte do vao e dificultan a entrada ou saída de vehículos.

Visto o informe da Policía Local, no que se indica que efectivamente o espazo ten unha distancia bastante curta que provoca que determinados vehículos invadan o espazo de reserva de cada vao, a Xunta de Goberno Local acorda que se sinalice para estacionamento para motocicletas no espazo existente entre os dous vaos permanentes.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Alvaro).

PRP2024/3448

Dáse conta do escrito presentado por Aldeas Infantiles SOS de Galicia, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia, coa colocación dun stand informativo de aproximadamente 5 m², os martes e sábados de forma indefinida, en horario de mañá ou tarde.

Visto o informe da Policía Local acordase concederlle autorización unicamente para unha semana,

debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Comunicáselle que as ocupacións de vía pública non se conceden de forma indefinida polo que de interesarlles, deberán solicitar a continuidade da ocupación para datas concretas.

PRP2024/3512

Dáse conta do informe do Enxeñeiro Informático, indicando o seguinte:

A empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A, comunicou, mediante rexistro telemático N° WEB2024005933 de data 26/08/2024, que a partir do 15 de xullo de 2024 produciuse a fusión por absorción da empresa WURTH S.L. na empresa ESPUBLICO.

O texto do correo é o seguinte: “Se adjunta comunicación de la fusión por absorción de WURTH S.L. en ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A, a partir del 15 de Julio de 2024. También les adjuntamos las escrituras de dicha fusión y el nuevo certificado bancario para el pago de las facturas emitidas a partir de la fecha indicada.”

O Concello ten contratado un servizo de soporte e mantemento da aplicación informática de xestión do Padrón de Habitantes coa empresa WURTH S.L., que pasará a ser prestado e facturado pola empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A.

Dáse conta polo Departamento de Informática que o servizo de soporte e mantemento da aplicación informática de xestión do Padrón de Habitantes adxudicado á empresa WURTH S.L para o ano 2024, pasará a ser prestado e facturado pola empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A a partir do 15 de xullo de 2024, debido a fusión por absorción da empresa WURTH S.L. na empresa ESPUBLICO, con cargo á partida 920.22706.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/3583

Dáse conta de remisión pola Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio da Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, do 6 de setembro de 2024, relativa á aceptación da cesión de uso temporal, a título gratuíto, dun inmovible de titularidade do Concello de Vilagarcía de Arousa para a prestación de servizos de inspección e saúde pública.

Inmovible de referencia: 266 m² que forman parte das instalacións do Concello de Vilagarcía de Arousa localizadas en Avda. de Matosinhos n° 1 (Edificio Matosinhos), que contan cunha superficie construída de 878 m², con referencia catastral 9254106NH1195N0001PG.

A duración da cesión de uso do inmovible de referencia será dun ano prorrogable por anualidades, con efectos retroactivos do 01/01/2024.

O inmovible incorporárase ao Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, como cesión de uso temporal e gratuita realizada polo Concello de Vilagarcía de Arousa para destinalo á prestación dos

Servizos de Inspección de Saúde Pública da Comarca de Vilagarcía de Arousa, coa consecvente adscrición á Consellería de Sanidade.

A Consellería de Facenda e Administración Pública deberá proceder ao aboamento do 30,30% do importe total das facturas de electricidade, gas e auga, realizando o pagamento a modo de reintegro do gasto real que será acreditado polo Concello mediante a remisión das facturas, con xustificación do seu pagamento.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar as condicións indicadas na Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública, coa salvidade citada no parágrafo anterior.

PRP2024/3521

Dáse conta do escrito presentado por **D. Dario Fole Rodríguez**, solicitando autorización para facer un Concerto o día 28 de setembro de 2024, no quiosco da Praia Compostela..

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- O horario da actuación estará limitado ata as 24:00 horas.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

PRP2024/3611

Dáse conta da solicitude presentada por D. Andrés Rey González, en representación de Arrendamientos Grupo de Empresas Rey SL, no que comunican entre outros, o seguinte:

1.- Informar ao Concello da necesidade de adoptar, coa maior celeridade e urxencia, as medidas oportunas para o aseguramento da parte do muro deteriorado que forma parte do peche da denominada “finca aparcadoiro Hospital Salnés”, cuxo uso foi no seu día cedido a este Concello.

2.- Debido ao estado que presenta unha parte do muro que delimita a referida finca, e os riscos que tal situación comporta – por exemplo, posibles desprendementos -, a propiedade informa que procederán de inmediato ao valado da zona afectada, sen prexuízo de executar a continuación, unha vez obtida a licenza, o resto das obras necesarias para resolver a incidencia. De todo elo se informa aos efectos pertinentes e sen prexuízo de que se leven a cabo as oportunas actuacións de verificación.

3.- A execución das obras requirirá a ausencia de vehículos na zona de aparcamento lindeira co muro deteriorado, polo que trasladan que será necesaria a súa retirada á maior brevidade, pois as obras non admiten demora, dado que o mencionado valado da zona afectada se executará inmediatamente, tal como se indica.

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar a Arrendamientos Grupo de Empresas Rey SL, que, tal e como figura nos documentos asinados polo Concello con esa empresa o once de decembro de 2014 e a súa novación do vinte de outubro de 2017, “a entidade propietaria da parcela (Arrendamientos Grupo de Empresas Rey SL) sen necesidade de requirimento previo, recuperará o uso exclusivo da mesma o 11 de decembro de 2019”. Polo tanto, dende esa data (11 de decembro de 2019) esa entidade recuperou a posesión da parcela citada e puido adoptar as medidas que considerase oportunas para impedir o seu uso como aparcamento

público e gratuíto, tales como, pechar o acceso á parcela, colocar carteis indicando a prohibición do aparcamento de vehículos, etc.

Polo tanto, se reitera que o Concello dende esa data, 11 de decembro de 2019, non ten a posesión da parcela, non obstante, queda informado o Concello das medidas que vai adoptar actualmente esa empresa en relación co muro da súa propiedade, podendo adoptar tamén, se así o estiman, as medidas necesarias que impidan o uso da parcela como aparcamento público e gratuíto de vehículos.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2024/3599

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Asociación Alcohólicos Rehabilitados Arousa - AREVA, por importe de 1.500,00 €, para o desenvolvemento de actuacións dirixidas a situacións persoais de dependencia de alcohol e persoas en procesos de rehabilitación, incluíndo a súa contorna familiar a través de intervencións integrais durante o ano 2024, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio

PRP2024/3600

Dáse conta da sinatura do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Acción contra el hambre, por importe de 17.000,00 €, para o desenvolvemento do Proxecto Vives Emprega durante o ano 2024, con cargo á partida orzamentaria 231.48001.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2024/3601

Dáse conta da sinatura do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Fundación Monte do Gozo - Proxecto Home, por importe de 1.500,00 € para o desenvolvemento de actuacións destinadas á prevención de drogodependencias e intervencións integrais vinculadas a situacións persoais de dependencia de substancias durante o ano 2024 con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2024/3602

Dáse conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello e a Entidade Asociación de Diminuídos Psíquicos Con Eles, para a concesión dunha subvención, por importe de 3.000,00 €, con cargo á partida 231.48002, co fin de subvencionar a cobertura socieducativa e de atención integral a persoas de especial vulnerabilidade vencelladas a situacións de discapacidade psíquica, física, sensorial ou mental durante o ano 2024.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2024/3603

Dáse conta da sinatura do Convenio para a concesión directa de subvención nominativa a favor de Amencer - Aspace (Princesa Leticia) por un importe de 3.000,00 €, con cargo á partida 231.48002

co fin de subvencionar o desenvolvemento de actuacións realizadas dende o centro destinadas a persoas en situación de discapacidade psíquica, física, sensorial ou mental durante o ano 2024. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2024/3604

Dáse conta do convenio para a concesión dunha subvención á Entidade Asociación Lar Pro Salud Mental, por importe de 3.000,00 €, para o desenvolvemento de actuacións e actividades do centro no marco da inclusión e autonomía de persoas que padecen trastornos mentais durante o ano 2024, con cargo a partida 231.48002. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

PRP2024/3608

Dáse conta da proposta da Concellería de Servizos Sociais:

A Escola Infantil Municipal conta cunha listaxe de agarda no grupo de idade 0-1 de 7 menores. Existe a posibilidade de abrir unha unidade das autorizadas cun agrupamento 0-2 que permitiría dar cabida aos menores en listaxe de agarda.

Para poder abrir esa unidade a entidade Bonecos Vilagarcía, S.L, remitiu as necesidades e presupostos para a citada dotación e poder iniciar canto antes o período de adaptación dos/as menores.

Na actualidade estamos en prazo de solicitar as axudas da liña 1 de mantemento de Escolas Infantís que finaliza o 30 de setembro (DOG, 30 de agosto de 2024). Nesa solicitude por cada unidade aberta para o curso 2024/2025 financian 6.000,00 euros.

Tendo en conta que a apertura desa unidade conlevará un incremento na achega a solicitar a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para dotacion de aula 0-2 da escola infantil Municipal para o curso 2024-2025, por importe total de 1.224,95€ con cargo á partida 323-22699, coa seguinte desagregación.

Presuposto emitido por BEBEGAL SL.(CIF: B-15722911: 3 tronas, 3 hamacas e 2 alfombras: 557,67€ (ive incluído).

Presuposto emitido por BEBEGAL SL CIF: B-15722911: 2 alfombras xogos: 67,83 € (ive incluído).

Presuposto emitido por DISTRIBUCIONES FROIZ S.A. A3603679: 3 tronas, 1 microondas, 1 frigorífico: 599,45 euros (ive incluído).

O Concello unha vez aprobada a subvención ao abeiro da Orde de 9 de agosto de 2024 pola que se regula o procedemento de concesión pola Xunta de Galicia de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escola infantís 0-3 no curso 2024/2025, que en principio ascendería a un total de 60.000,00€ na liña 1 para un total de 10 unidades, procedería a transferir a citada cantidade (total ou parcialmente) á entidade BONECOS restando o importe do presente gasto.

EMPREGO

PRP2024/3446

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a convocatoria extraordinaria da Mesa Local de Comercio, como órgano consultivo e de coordinación local, para o 23 de setembro de 2024 ás 13:00 horas. Co obxectivo de consensuar as políticas municipais para a promoción da actividade comercial das prazas de abastos de Vilagarcía, así como de informar aos integrantes da mesma dos investimentos e actividades de dinamización que se van realizar nos vindeiros meses.

PRP2024/3550

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases do PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA 2024 coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais, cun importe total de 60.000 €, con cargo á partida 241.470.

Poderán acollerse a estas axudas as/os empresarias/os individuais e as micropemes segundo a definición establecida no ANEXO I do Regulamento nº 651/2014 da Comisión Europea, independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o 31 de outubro de 2023 e o 30 de outubro de 2024 (entendendo por inicio da actividade a data de alta no I.A.E.)

O importe das axudas consistirá nunha contía fixa equivalente á metade dos gastos iniciais de posta en marcha da actividade, cun máximo de 2.500 € por empresa, con obriga de manterse de alta no Réxime correspondente da Seguridade Social, como mínimo, durante un período de dous anos contados dende a data de solicitude de axuda.

Os prazos de presentación de solicitudes son os que se indican a continuación ou ata esgotar o orzamento e contaránse a partir do día seguinte á data de publicación do extracto das presentes bases no BOPPO:

O prazo de presentación de solicitudes para as empresas que iniciaran a súa actividade entre o 31 de outubro e o 31 de decembro de 2023 será ata o 15 de outubro de 2024.

O prazo de presentación de solicitudes para as empresas que iniciaran a súa actividade entre o 1 de xaneiro e o 30 de outubro de 2024, será ate o 31 de outubro de 2024.

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P.

PRP2024/3551

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases reguladoras da Convocatoria do Concello de Vilagarcía de Arousa de Subvencións a Empresas para a contratación de traballadores/as desempregados/as por conta allea, por importe total de subvencións de 60.000,00€ con cargo á partida 241.470, podendo ser beneficiarias das subvencións as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado, que formalicen, para prestar servizos nas mesmas, contratos por conta allea con traballadores/as empadroados/as no Municipio de Vilagarcía de Arousa, con unha antigüidade mínima de empadramento de 1 ano, contratadas a tempo completo mediante contratos indefinidos formalizados entre o 1 de outubro de 2023 e 30 de setembro de 2024.

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 15 de outubro de 2024, ou ata esgotar o orzamento, e se contará a partir do día seguinte á data de publicación o Extracto das presentes bases no BOPPO, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

PRP2024/3458

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a convocatoria das bases de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes no obradoiro de emprego Forme 2023, dirixido a empresa do ámbito da formación impartida polos obradoiros duais de emprego.
- Acordar a publicación das bases a través da BDNS, remitindo a información á mesma no prazo máximo de 30 días seguintes ao remate do trimestre no que se acorde a aprobación, tal como establece a normativa reuclidora da BDNS.

-Acordar a publicación na sede electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O financiamento das axudas será con cargo á aplicación 2412-470 do orzamento municipal vixente, cunha dotación de 30.000€.

PRP2024/3567

Dáse conta do expediente para adxudicación do contrato menor de "Instalación Fotovoltaica de Autoconsumo colectivo en Praza de Abastos de Vilaxoan", dentro do marco da Orde Orde ICT/949/2021, do 10 de setembro, modificada pola orde ICT/99/2023, do 31 de xaneiro, pola que se establecen as bases reguladoras da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización, e procédese á súa convocatoria no ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha axuda do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a posta en marcha do proxecto VILAGARCÍA VIVA. PROXECTO DE MELLORA, REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS URBANAS COMERCIAIS, dentro da convocatoria de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

O orzamento base de licitación, sen IVE é de 20.499,68€, e de 24.808,61€ (IVE incluído).

Solicitaronse tres ofertas a:

- SERVICIOS ELÉCTRICOS ABELMAR, S.L. (CIF B36422210)
- IPEDORNES S.L. (CIF B94055316)
- LUMEA SOLUCIONES ELECTRICAS SL (CIF B94108362)

Na solicitude de oferta remitida ás empresas se lles deu traslado dos criterios de adxudicación.

Dentro do prazo concedido a efectos de remisión de ofertas, as citadas empresas remitiron os orzamentos que figuran unidos ao expediente.

Revisada a documentación remitida, o resultado da valoración de ofertas é o seguinte:

EMPRESA	OFERTA IVE EXCUÍDO	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	PUNTUAC. MELLORA GARANTIA	PRAZO	PUNTUAC MELLORA MANTEMENTO 5 ANOS	TOTAL
LUMEA SOLUCIONES ELECTRIC	19.046,53€	30	30		40	100
SERVICIOS ELECTRICOS ABELMAR SL.	19.300,49€	24,76	30		40	94,76
IPERDONES SL	19.469,85€	21,26	30		40	91,26

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de Instalación Fotovoltaica de Autoconsumo colectivo en Praza de Abastos de Vilaxoan á Empresa LUMEA SOLUCIONES ELECTRICA SL, polo importe de 19.046,53 € (sen IVE) e 23.046,30€ (IVE incluído), con cargo á partida 4311-6270018.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/3572

Dáse conta da concesión de subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa, por parte da Consellería de Economía, Industria e Innovación, para o impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia para a dinamización e revitalización das prazas de abastos

A Xunta de Goberno Local queda sabedora da concesión da solicitude de subvención para o impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia e para a Dinamización e Revitalización das

prazas de abastos para o 2024, por contía de 27.518,78€ (equivalente ao 80% da Base Imponible do custo das actuacións). Atendendo á resolución de concesión, a aportación municipal ascendería a 37.982,73 €, dos que foron xa aportados 31.314,80 €, polo que restaría facer unha aportación de 7.953,38 € para gasto corrente.

Dar traslado ao departamento de intervención.

PRP2024/3510

Dase conta da resolución de ampliación da subvención do Obradoiro de Emprego FORME 2023 polo incremento do SMI en 2024 que afectan aos salarios dos alumnos/as traballadores/as.

Con data de 16/10/2023 a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, concedeulle ó Concello de Vilagarcía unha axuda por importe de 531.046,20€ para a realización do proxecto OE FORME 2023.

Esta nova Resolución determina o incremento da subvención concedida, en concepto de subvención dos gastos salariais dos alumnos traballadores, en 15.330,40€ e coa finalidade de facer fronte ao incremento do SMI dos alumnos/as traballadores/as, dende o 1 de xaneiro de 2024.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/3585

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Labora Forme 2023", para aprobar a ampliación do servizo de limpeza do obradoiro dúal de emprego Forme 2023, debido á finalización do obradoiro Laboral Xoven 2023, que asumía parte da limpeza das instalacións. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Clece SA para o servizo de limpeza das instalacións do Obradoiro de Emprego, do 1 de outubro ao 21 de novembro de 2024, por un importe total de 311,95€ (IVE incluído) (outubro 183,50€, novembro 128,45€) con cargo á partida 2412.22799.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/3364

O Concello de Vilagarcía de Arousa recibiu unha axuda do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para a posta en marcha do proxecto VILAGARCIA VIVA. PROXECTO DE MELLORA, REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS URBANAS COMERCIAIS, dentro da convocatoria de axudas para o apoio a Mercados, Zonas Urbanas Comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización financiado pola Unión Europea-Next Generation EU.

O obxecto do presente contrato e a implantación da ferramenta de ticketing dixital municipal para o Concello de Vilagarcía de Arousa.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade máxima de 14.500 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE de 3.045,00 € (21%), dando un orzamento de licitación de 17.545,00 €.

Solicitaronse orzamentos ás seguintes empresas:

- PARADIGMA DIGITAL SL
- TONIC TIME SL
- HELO PROS ASSOCIATES SL

Ao presentar oferta unicamente a Empresa TONIC TIME SL, remitiuse invitación as seguintes ofertas do sector:

- BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING SL
- ATI GALICIA SLL

Presentaron ofertas as seguintes empresas:

- TONIC TIME SL: 14.400,00 € (sen IVE) e 17.424,00 € (IVE incluído).
- BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING SL.: 14.500,00 € (sen IVE) e 17.545,00 € (IVE incluído)

Unha vez aplicados os criterios automáticos de adxudicación, o resultado é o seguinte:

EMPRESA	PUNTUAC. PREZO	PUNTUAC. TÉCNICA	MEMORIA	PUNTUAC. MELLORA	TOTAL
TONIC TIME, S.L. CIF: B-87667507	10	37		40	87
BALIDEA CONSULTING & PROGRAMMING S.L. CIF: B-15850647	0	36		0	36

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa TONIC TIME SL (CIF B87667507), o contrato menor para adquisición dunha ferramenta de ticketing dixital municipal para o Concello de Vilagarcía de Arousa, polo importe total de 17.424,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 4311.6270018, de conformidade co orzamento presentado.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2024/3587

Dáse conta do Proxecto Educativo e Programación Xeral anual da Escola Municipal de Música "Bernardo del Río", no que indica que se matricularon un total de 410 alumnos para o curso académico 2024/2025.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/3549

Dáse conta do escrito presentado polo Director da Biblioteca Pública Municipal "Rosalía de Castro" informando que ao igual que anos anteriores, vai dar comezo a andadura do Club de Lectura "Marcapasos" no Auditorio Municipal, así como das normas da citada actividade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar o desenvolvemento da actividade indicada.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2024/3395

O día 22 de xullo de 2024 a CMMVVMC Nº 3004 Cornazo e Solobeira presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2024.

Despois de revisar a documentación compróbase que a CMMVVMC Nº 3004 Cornazo e Solobeira entregou a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1 da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa ATRIGA, coa AEAT e co Concello

de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha masa mixta procedente de rexeneración natural formada por EUCALIPTO, CARBALLO, PIÑEIRO e outras especies de menor presenza), levarase a cabo unha roza manual selectiva baixo arborado e retirada de restos para a súa eliminación, rareo manual en rexenerado de arborado sen aproveitamento comercial e trituración de restos, nunha superficie de 1,32 ha.
- Na mouteira 2 (formada por unha masa mixta procedente de rexeneración natural), levarase a cabo unha roza manual selectiva baixo arborado, roza de penetración e trituración de restos nunha superficie de 1,51 ha.
- Na mouteira 3 (formada por unha masa de ACACIA) levarase a cabo unha roza manual selectiva baixo arborado e retirada de restos para a súa eliminación, rareo manual en rexenerado de arborado sen aproveitamento comercial e trituración de restos, nunha superficie de 0,06 ha.
- Na mouteira 4 (presenta arborado como SALGUEIRO e PIÑEIRO de xeración espontánea e vexetación arbustiva) levarase a cabo unha roza manual selectiva baixo arborado e retirada de restos para a súa eliminación, poda de formación en masa de frondosa e trituración de restos, nunha superficie de 0,38 ha.
- Na mouteira 5 (formada por mato de altas dimensións) levarase a cabo unha roza manual selectiva baixo arborado e retirada de restos para a súa eliminación, rareo manual en rexenerado de arborado sen aproveitamento comercial e poda alta en masas de coníferas, nunha superficie de 0,31 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 8.482,00 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 8.482,00 €, con cargo á partida 1720.429 á CMMVMC N° 3004 Cornazo e Solobeira con CIF V 36103760 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2024/3409

O día 26 de xullo de 2024 a CMMVMC N 3000 Bamio presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2024.

Despois de revisar a documentación compróbase que a CMMVMC N 3000 Bamio entregou a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1 da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra

forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa ATRIGA, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 roza mecanizada con tractor e rozadoira de cadeas entre calles de plantación ou rexeneración natural e repaso manual de calles deixando os restos triturados nunha superficie de 3,76 ha..
- Rareos consistentes na selección de gromos de cepa de frondosas nunha superficie de 3,76 ha.
- Cartel publicitario.

As dúas primeiras actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

O cartel publicitario é obrigatorio colocalo segundo a base 6, mais non está incluída como actuación subvencionable segundo a base 1.4

A solicitude de axuda é de 7.640,00 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC individualmente, sen que estea integrada en ningunha Mancomunidade de MVMC, un máximo de 7.000 euros.

Se temos en conta o regulado nesta base a cantidade máxima que se lle podería subvencionar á CMMVVMC de Bamio serían 7.000 €, posto que non xustifica a súa pertenza a ningunha Mancomunidade de montes.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas de roza mecanizada e de rareo que ascenden a 7.520 € están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 7.000,00 € (cantidade máxima para as CMVMC que non pertencen a ningunha Mancomunidade, como é este caso) con cargo á partida 1720.489, á CMMVVMC N 3000 Bamio con CIF V 36116168 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2024/3407

O día 23 de xullo de 2024 a Comunidade de montes Trabanca Badiña presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2024.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Comunidade de montes Trabanca Badiña presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos na bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, co ATRIGA, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1, (formada por unha masa de PIÑEIRO procedente de plantación), roza manual selectiva baixo arborado e retirada de restos para a súa eliminación así como poda alta en masas de coníferas e trituración de restos, cunha superficie de actuación de 0,56 ha.
- Na mouteira 2, (formada por unha masa de PIÑEIRO procedente de plantación), roza manual

selectiva baixo arborado, roza de penetración en rúas entres liñas de planta e poda alta en masas de coníferas así como trituración de restos, cunha superficie de actuación de 1,87 ha.

- Na mouteira 3 (formada por un noiro cuberto de matogueira), roza manual selectiva baixo arborado e retirada de restos para a súa eliminación así como a trituración de restos nunha superficie de 0,24 ha.
- Na mouteira 4 (formada por unha área recreativa que presenta arborado de FRONDOSAS), roza manual selectiva baixo arborado e poda de formación en masas de frondosas e trituración de restos, nunha superficie de 0,28 ha.
- Na mouteira 5, (formada por 0,09 ha de rexenerado de PIÑEIRO) roza manual selectiva baixo arborada con retirada de restos para a súa eliminación, rareo manual en rexenerado de arborado sen aproveitamento comercial e poda alta en masas de coníferas así como trituración de restos nunha superficie de 0,09 ha.
- Na mouteira 6 (formada polos noiros dun camiño) roza manual selectiva baixo arborado e retirada de restos para a súa eliminación así como trituración de restos nunha superficie de 0,06 ha.
- Na mouteira 7, (formada por pistas de monte veciñal), roza mecanizada en marxe de camiños en 0.88 km.
- Na mouteira 8, (formada por unha plataforma de pistas), roza mecanizada con rozadoira de cadeas en pista.
- Gastos derivados de redacción de proxectos técnicos de control arqueolóxico.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 8.670,90 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 8.670,90 €, con cargo á partida 1720.489 á Comunidade de montes Trabanca Badiña con CIF V 36301828 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2024/3401

O día 23 de xullo de 2024 a CMMVVMC N3006 Sobrán e Vilaxoán presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2024.

Despois de revisar a documentación compróbase que a CMMVVMC N3006 Sobran e Vilaxoán entregou a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1 da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente

que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha masa de FRONDOSAS procedente de plantación), levarase a cabo unha roza manual selectiva baixo arborado e retirada de restos, poda de formación de frondosas e trituración de restos, nunha superficie de 1,53 ha.
- Na mouteira 2 (formada por unha franxa de 10 metros de ancho que presenta matogueira), roza manual selectiva baixo arborado e retirada de restos nunha superficie de 0,47 ha.
- Na mouteira 3 (formada por unha masa de CASTIÑEIRO de froito procedente de plantación), roza mecanizada con rozadoira de martelos nunha superficie de 1.53 ha e roza manual selectiva baixo arborado nunha superficie de 0,612 ha.
- Na mouteira 4 (formada por unha masa de PIÑEIRO procedente de rexenerado), roza de penetración nunha superficie de 0,44 ha.
- Na mouteira 5 (formada por pistas que discorren polo terreo veciñal) roza mecanizada en marxe de camiños

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 10.938,65 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 10.938,65 €, con cargo á partida 1720.489 á CMMVMC N3006 Sobran e Vilaxoán con CIF V 36187995 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2024/3400

O día 23 de xullo de 2024 a Comunidade montes vecinales mano común de Cea Vilagarcía presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2024.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Comunidade montes vecinales mano común de Cea Vilagarcía entregou a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que cumpren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha masa de CASTIÑEIRO procedente de repoboación), levarase a cabo unha roza manual selectiva baixo arborado, selección de gromos, poda de formación en masas de frondosas e trituración dos restos, nunha superficie de 2,97 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 8.613,00 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 8.613,00 €, con cargo á partida 1720.489 á Comunidade montes vecinales man común de Cea Vilagarcía con CIF V 36156214 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2024/3399

O día 23 de xullo do 2024 a CMVMC de Guillán presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2024.

Despois de revisar a documentación compróbase que a CMVMC de Guillán presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Roza manual selectiva baixo arborado e recollida de restos en cordóns nas mouteiras 1, 2 e 3 (formada por superficies forestais con masas de FRONDOSA de pequeno porte), cunha superficie de actuación total de 1,86 ha.
- Na mouteira 4 (formada por unha masa de PIÑEIRO procedente de plantación), roza de penetración en rúas nunha superficie de 5,34 ha.
- Na mouteira 5 (formada por pistas que discorren polo terreo veciñal) realizarase a roza mecanizada na marxe de camiños consistente na roza dos laterais de pista con rozadoira de brazo en 5,29 km e roza con rozadoira de cadeas en da plataforma pistas nunha superficie estimada de 0,40 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 8.813,70 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 8.813,70 €, con cargo á partida 1720.489, á CMVMC de Guillán con CIF V 36436319 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2024/3397

O día 22 de xullo do 2024 a Comunidade de montes veciñal Fontecarmoa presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2024.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Comunidade de montes veciñal Fontecarmoa presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que comprenden cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha masa mixta con arborado adulto), levarase a cabo unha roza mecanizada con tractor de cadeas e roza manual ao pé da planta ou nas zonas onde non traballe o tractor, nunha superficie de 6,18 ha.
- Na mouteira 2 (formada por unha masa mixta adulta con presenza de PIÑEIRO, CARBALLO e EUCALIPTO), roza de xeito manual empregando rozadoira de man, amoreado dos restos e posterior triturado nunha superficie de 0,84 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 5.065,50 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 5.065,50 €, con cargo á partida 1720.489, á Comunidade de montes veciñal Fontecarmoa con CIF V 36187409 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2024/3545

Dentro das actuacións que se recollen no Convenio interadministrativo entre a Consellería de Medio Rural e a entidade local de Vilagarcía de Arousa para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-24, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 están os labores de vixilancia e defensa. Para executar esta

actuación o Concello ten que contratar ao persoal integrante da brigada de extinción. O día 24/07/2024 procedeuse á selección dos membros da brigada e, a pesar de que nun principio se optaba por unha brigada de cinco membros, unicamente superaron as probas selectivas catro persoas.

A cláusula oitava do devandito convenio na redacción dada pola Addenda asinada o día 02/08/2023 establece que cada brigada que se forme estará composta por:

1. unha persoa coa categoría de xefe de brigada ...
2. unha persoa coa categoría peón condutor ...
3. dúas ou tres persoas coa categoría peón de brigada, segundo se constituía unha brigada de 4 ou 5 membros.

Tendo en conta o recollido na Addenda e posto que as probas selectivas unicamente as superaron dúas persoas coa categoría de peón de brigada, constituíse a mencionada brigada de extinción con catro membros e o día 12/08/2024 comezou as súas actividades.

Así mesmo a mencionada Addenda asinada o día 02/08/2023 modificou a cláusula décimo cuarta, último parágrafo do punto 2 do convenio que quedou coa seguinte redacción:

O importe máximo da axuda será de 19 000,00 €/ano para as brigadas constituídas con 5 membros e de 15200,00 €/ano para as brigadas constituídas con 4 membros podendo ser minorado segundo o establecido na cláusula vixésima, punto 1 b).

Por todo o ata aquí referido, o financiamento económico da Consellería de medio rural reducirase segundo o seguinte cadro:

ACTUACIÓNS EN MATERIA DE EXTINCIÓN DE INCEDIOS FORESTAIS

TIPO DE ACTUACIÓN	IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA ANO 2024 con 5 MEMBROS	IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA ANO 2024 con 4 MEMBROS
	ANO 2024 con 5 MEMBROS	ANO 2024 con 4 MEMBROS
LABORES DE VIXILANCIA E DEFENSA	19.000 €	15.200 €

Pola Concellería de Medio Ambiente dase conta da redución do importe máximo da axuda no proxecto extinción de incendios para a anualidade 2024 de 19 000 euros a 15 200 euros por terse constituído unha brigada de catro membros.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/3553

O día 23 de xullo de 2024 a Comunidade de montes en mano común de Loenzo presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2024.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Comunidade de montes en mano común de Loenzo presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos na bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, co ATRIGA, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha masa mixta de FRONDOSA caducifolia procedente de rexeneración natural) roza manual selectiva baixo arborado e retirada de restos para a súa eliminación, selección de gromos de cepa de frondosas, poda de formación en masas de

frondosa e trituración de restos nunha superficie de actuación de 2,7437 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 8.779,84 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e estimando que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 8.779,84 €, con cargo á partida 1720.489, á Comunidade de montes en man común de Loenzo con CIF V 36136430 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2024/3554

O día 23 de xullo do 2024 a Cdad de montes en man común da parroquia de Rubiáns presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2024.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Cdad de montes en man común da parroquia de Rubiáns entregou a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha masa de CASTIÑEIRO procedente de plantación), poda de formación en masas de frondosas na totalidade dos pés e posterior recollida manual e trituración de restos nunha superficie de 3,40 ha.
- Na mouteira 2 (formada por pistas que discorren polo terreo veciñal), roza mecanizada en marxe de camiños nunha lonxitude de 0,80 km e roza mecanizada con rozadoira de cadeas nas plataformas das pistas nunha superficie de 0,24 ha.
- Na mouteira 3 (formada por unha masa mixta de FRONDOSA procedente de repoboación forestal) roza manual selectiva baixo arborado, roza de penetración, poda de formación en masa de frondosa e trituración de restos nunha superficie de 1,27 ha.
- Na mouteira 4 (formada por unha masa de FRONDOSA procedente de repoboación forestal) roza manual selectiva baixo arborado, roza de penetración, poda de formación en masa de frondosa e trituración de restos nunha superficie de 0,22 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 8.299,50 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e se estimamos que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 8.299,50 €, con cargo á partida 1720.488 á Cdad de montes en man común da parroquia de Rubiáns con CIF V 36532927 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2024/3555

O día 23 de xullo do 2024 a C.M.V.M.C. de Trabanca Sardiñeira presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2024.

Despois de revisar a documentación compróbase que a C.M.V.M.C. de Trabanca Sardiñeira entregou a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por matogueira e brotes de EUCALIPTO), levarase a cabo unha roza mecanizada con rozadoira de martelo na área de devasa, nunha superficie de 0,24 ha.
- Na mouteira 2 (formada por unha masa de PIÑEIRO con pés puntuais de EUCALIPTO e ACACIA), levarase a cabo unha roza manual selectiva baixo arborado no 40% da superficie e roza de penetración no 60% da superficie, poda alta en masa de coníferas e trituración de restos, nunha superficie de 1,02 ha.
- Na mouteira 3 (formada por unha masa de PIÑEIRO), realizarase unha roza manual selectiva baixo arborado e retirada de restos para a súa eliminación, poda alta na masa de coníferas e trituración de restos nunha superficie de 1,66 ha.
- Na mouteira 4 (situada entre camiños presenta abundante matogueira), realizarase unha roza mecanizada con rozadoira de cadeas na área de devasa nunha superficie de 0,02 ha.
- Na matogueira 5 (formada por pistas que discorren polo terreo veciñal), roza mecanizada en marxe de camiños e roza mecanizada con rozadoira de cadeas en pista nunha superficie de 0,76 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 8.337,70 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e estimando que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 8.337,70 €, con cargo á partida 1720.489, á C.M.V.M.C. de Trabanca Sardiñeira con CIF V 36103125 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2024/3557

Visto o convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación Protectora de animais de Vilagarcía de Arousa para o uso da instalación denominada refuxio de animais domésticos en Pinar do rei (Canceira) e para a aplicación do protocolo CES nas colonias felinas existentes no término municipal de Vilagarcía de Arousa asinado o 20 de outubro de 2022 cun período de vixencia de catro anos

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o gasto a favor da ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMALES DE VILAGARCÍA CIF: G-36252351, polo concepto de “convenio de colaboración para a xestión do refuxio de animais domésticos de Pinar do Rei (canceira) e para a aplicación do protocolo CES nas colonias felinas sitas no término municipal de Vilagarcía de Arousa” no exercicio 2024 por importe de trinta mil euros (30.000 €), con cargo á partida 311.48404.

PRP2024/3586

En maio do pasado ano 2023 comezou a prestación de recollida de lixo municipal baixo un novo contrato administrativo licitado e adxudicado polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

O obxectivo da prestación do devandito contrato responde, entre outras cuestións, coa intención de dar debida resposta desde esta administración local á obriga legislativa de recollida de residuos correspondente ao ámbito das entidades locais (Lei 7/1985, do 2 de abril LBRL e sucesivas), así como á de dar cumprimento ás novas esixencias normativas para a xestión de residuos que se implementaron nos últimos anos, tanto a nivel autonómico (Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e chans contaminados de Galicia) como a nivel estatal (Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular).

Entre as consideracións máis relevantes desta última, recóllense as seguintes observacións:

- Segundo o Artigo 2, considéranse residuos municipais:

1.º Os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada de orixe doméstica, incluídos papel e cartón, vidro, metais, plásticos, biorresiduos, madeira, téxtiles, envases, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, residuos de pilas e acumuladores, residuos perigosos do fogar e residuos voluminosos, incluídos os colchóns e os mobles.

2.º Os residuos mesturados e os residuos recollidos de forma separada procedentes doutras fontes, cando eses residuos sexan similares en natureza e composición aos residuos de orixe doméstica. Os residuos municipais non comprenden os residuos procedentes da produción, a agricultura, a silvicultura, a pesca, as fosas sépticas e a rede de sumidoiros e plantas de tratamento de augas residuais, incluídos os lodos de depuradora, os vehículos ao final da súa vida útil nin os residuos de construción e demolición.

- A mencionada Lei 7/2022 ten entre os seus obxectivos a prevención e a redución da xeración de residuos e dos impactos adversos da súa xeración e xestión, en última instancia, protexer o medio ambiente e a saúde humana e efectuar a transición a unha economía circular e baixa en carbono con modelos empresariais, produtos e materiais innovadores e sostibles.

- Así mesmo, esta lei ten por finalidade previr e reducir o impacto de determinados produtos de plástico na saúde humana e no medio ambiente, con especial atención ao medio acuático.

- Segundo o artigo 20 da mencionada norma “O produtor inicial ou outro posuidor de residuos está

obrigado a asegurar o tratamento adecuado dos seus residuos...”

Tendo en conta o anterior exposto e dacordo co recente cambio no sistema de contenerización e recollida dos residuos municipais, comunícaselle coa recepción desta notificación pola súa parte, que únicamente se recollerán os residuos asimilables a domésticos (non industriais) que sexan depositados nas novas illas de contedores de carga lateral instaladas na vía pública, quedando sen utilidade os antigos contedores de rodas de carga traseira. Os residuos deberán depositarse correctamente diferenciados nos contedores correspondentes a cada fracción de residuos (envases lixeiros, papel e cartón, vidro e fracción resto). No seu caso, a illa máis cercana é a situada na Rúa Preguntoiro- cruce con Rúa Veiga do Mar (a 150 metros da súa instalación).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda COMUNICAR á empresa MEJILLONES RIA DE AROSA S.L o anterior exposto e SOLICITAR que procedan a realizar as accións pertinentes para cumprir coas obrigas e responsabilidades relacionadas coa xestión dos residuos xerados neste centro.

PRP2024/3588

Dase traslado á Xunta de Goberno Local da información recibida vía correo electrónico o 09/09/2024 por parte do departamento de residuos do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.

Dende a Deputación de Pontevedra, ofrécese a posibilidade de que a partir do 1 de outubro de 2024, o persoal técnico da empresa contratada pola Deputación para o mantemento dos centros de compostaxe comunitaria da provincia de Pontevedra, poda colaborar coas labores de mantemento dos centros instalados no municipio que, dende un punto de vista técnico, cumpran co mínimo de toneladas por unidade considerado eficiente (1,50 toneladas por unidade de compostaxe), mentres que o Concello deberá asumir o mantemento das demais instalacións.

Cada trimestre se revisará a eficiencia dos CCC para avaliar a posible inclusión de novos centros ou a exclusión daqueles que non cumpran co criterio mencionado.

Por outra banda, tamén se ofrece asesoramento nas posibles accións de concienciación e información dirixidas á cidadanía.

O período máximo deste servizo será ata o 10 de novembro de 2025, data na que finaliza a prórroga da empresa contratada para este fin, e non implicará ningún custe engadido para o Concello.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda aceptar a colaboración por parte da Deputación de Pontevedra dende o 1 de outubro de 2024 ata o 10 de novembro de 2025, nos labores de mantemento dos centros de compostaxe comunitaria do municipio que cumpran cos criterios de eficiencia mencionados, tanto os instalados actualmente como os que se prevé instalar proximamente, así como o asesoramento en campañas de concienciación dirixidas á cidadanía.

PRP2024/3594

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Servizos e Medio Rural para o aboamento da taxa correspondente á solicitude de autorización de obras para "Estabilización e Reparación de Vial na rúa Rueiro en Carril":

Un tramo da rúa rueiro en Guillán atópase afundida con risco de desprendemento da vía cara á parcela situada na súa parte inferior. O enxeñeiro técnico municipal realizou inspección ocular e puido observar que no dito tramo a vía ten unha importante focha producida pola lavado de áridos da súa capa base por filtracións de auga.

O día 18/09/2024 o enxeñeiro técnico municipal, D. Óscar Álvarez González, redactou a memoria técnica denominada “estabilización e reparación de vial na rúa rueiro no Carril”, na que propón o saneo da vía media a demolición da capa rodadura, reparación das canalizacións de drenaxe

transversal, recheo e compactación da base da vía, execución do muro de contención para sostemento do terreo e vía na aliñación establecida no PXOM municipal.

De conformidade co indicado no referido proxecto técnico, as actuacións atópanse na zona de dominio público hidráulico do regato, identificado con IDECURSO 983640004573, polo que é precisa a autorización do servizo de Augas de Galicia, da Consellería de medio ambiente e cambio climático da Xunta de Galicia.

Despois de comprobada o contido da memoria técnica de referencia, considérase que a actuación se axusta aos requisitos do Decreto 42/2020, de 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, de forma que se pode considerar unha actuación menor de mantemento e conservación de infraestruturas e por tanto deberá solicitarse declaración responsable (no lugar de autorización) segundo modelo normalizado AU113C para realizar as obras de mantemento da rede viaria pública previstas na mencionada memoria técnica.

Unha vez xerado documento relativo a carta de pago das taxas cos datos facilitados no propio procedemento, compróbase que as taxas de tramitación da referida declaración responsable dos traballos de “estabilización e reparación de vial na rúa rueiro no Carril”, correspóndense cun importe total de 36,72€, de acordo co establecido na vixente Lei de orzamentos da Comunidade de Galicia e co detalle seguinte:

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
31.30.21	Actuacións de comprobación e control das declaracións responsables para a realización de actuacións menores no dominio público hidráulico e na súa zona de policía, conforme ao establecido na normativa.	36,72€

Por todo o ata aquí referido, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o gasto relativo ao documento de pago das taxas esixidas polo servizo de Augas de Galicia, da Consellería de medio ambiente e cambio climático, por un importe de 36,72€ con cargo á partida 1720-22699, para as actuacións de comprobación e control das declaracións responsables para a realización de actuacións menores no dominio público hidráulico e na súa zona de policía, conforme o establecido na normativa, para a realización das obras de “estabilización e reparación de vial na rúa rueiro no Carril”.

TURISMO

PRP2024/3574

Vista a proposta da Concellería de Turismo en relación co aluguer de pantalla led, instalada na Praza da Peixería para ver a final da Eurocopa de Fútbol, o 14 de xullo de 2024,

Se trata dun gasto que se corresponde coa modalidade de contratos menores por razón de contía dos definidos no artigo 118 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, de 8 de novembro de 2017, pero respecto do cal non se fixeron os trámites oportunos de previa aprobación da Xunta de Goberno Local porque non se sabía se a Selección Española de Fútbol xogaríaa final da Eurocopa, nin a ilusión mostrada polo público en xeral. Unha vez confirmado ese partido e captado o interese da vecindade por ver ese encontro dun xeito colectivo, decidiuse instalar esa pantalla na Praza da Peixería

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda convalidar o gasto e o recoñecemento de obriga da seguinte factura, con cargo á partida 432.22601:

Factura, a nº 5/2024, de data 15/07/2024, de FRANCISCO JOSÉ COSTA TARRÍO, CIF 35470195-D, por importe de 1.210 € (IVE Engadido).

PRP2024/3610

Os Petróglifos dos Ballotes, en Bamio, precisan dunha restauración e da substitución da panelería.

Os traballos a realizar son:

- Redacción do proxecto arqueolóxico de control e restauración nos petróglifos dos Ballotes.
- Execución do traballo de campo: Presenza do equipo de arqueoloxía e de restauración durante a execución dos traballos necesarios para a realización da proposta de mellora.
- Redacción da Memoria Técnica.

E a tramitación do traballo será:

1º. Redacción do proxecto arqueolóxico.

2º. Remisión do devandito proxecto á promotora para a tramitación da autorización por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC).

3º. Espera do permiso de execución do traballo por parte da DXPC.

4º. Execución do traballo.

5º. Redacción da Memoria técnica da intervención.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por A CITANIA ARQUEOLOXÍA, NIF B36571057, para o CONTROL ARQUEOLÓXICO DOS TRABALLOS DE ROZA, LIMPEZA DOS SOPORTES PÉTREOS, RESTAURACIÓN DE PAVIMENTOS E SUSTITUCIÓN DE PANELERÍA NOS PETRÓGLIFOS DOS BALLOTES, que ascende a 8.556,80 € (IVE engadido), con cargo á partida 432.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2024/3544

Vista a solicitude de Dona Maria Dolores Couso Rodríguez, en representación da Asociación Comisión de Festas do Carne e do Rosario e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra do Rosario, os días 5, 6 e 7 de outubro en Vilaxoán:

- Actuación da Asociación Cultural os Terribles de Arousa - Grupo de Gaitas, os días 5, 6 e 7 de outubro, por un importe de 391,00 €/cada día, dando un total de 1.173,00 €.
- Actuación da Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán - Coral, o día 6 de outubro, por importe de 585,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2024/3556

Dase conta do fallo do Xurado do Concurso de Ornamentación de Escaparates 2024 no marco da LIX EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA, celebrada en Vilagarcía de Arousa o 2 de marzo de 2024.

As bases do concurso rec ollían no seu punto 8 o seguinte:

8.- Establécense tres premios:

1º PREMIO: 500,00€.

2º PREMIO: 295,00€.

3º PREMIO: 200,00€.

O Xurado reunido o 2 de marzo, despois da revisión dos concursantes, emitiu o seguinte fallo:

1º PREMIO: 500,00€, ao comercio CALZADOS YOSU

2º PREMIO: 295,00€, á cafetería VILLAGE BAKERY

3º PREMIO: 200,00€, ao comercio AROSA CASA.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos ganadores, con cargo á partida 334.48100:

1º PREMIO, DE 500,00€ ao comercio CALZADOS YOSU (Dona Alicia Rodríguez Cobreiro NIF: 35445362Q)

2º PREMIO, de 295,00€ á cafetería VILLAGE BAKERY (SC-J94169000) Dona María Isabel Fernández Varela NIF: 35460779T

3º PREMIO, de 200,00€ ao comercio AROSA CASA - D Joaquín Bello Rubianes NIF: 35462058Z.

PRP2024/3559

A proposta da concellaría de Cultura aprobouse na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2024 o Convenio Regulador da subvención nominativa entre a asociación cultural CURTAS FILM FEST e o Concello de Vilagarcía de Arousa por un valor de 50.000,00€. (CINCuenta MIL EUROS) con cargo ao orzamento vixente nese momento (2022).

Con data de 10 de xullo de 2024 as partes asinan o texto do convenio para esta 52ª edición do "CURTAS FESTIVAL DO IMAXINARIO"

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 170 de 2 de setembro de 2024 recolle a aprobación definitiva do orzamento xeral do exercicio económico 2024 . Neste orzamento recóllese a subvención nominativa modificada por un valor de 55 .000,00€, incrementándose en 5.000,00€ o convenio asinado con anterioridade á aprobación definitiva do Orzamento Xeral de 2024.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Incrementar en 5.000,00€ (cinco mil euros) o Convenio Regulador para a concesión da subvención-nominativa para o ano 2024 entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación Cultural Curtas Film Fest, con cargo á partida 334.48002.

Segundo: Aprobar o texto modificado do convenio regulador na súa cláusula segunda, onde se recolle este incremento de 5.000,00€ (CINCO MIL EUROS).

PRP2024/3560

Con data de 10 de xullo de 2024 recibimos a través da plataforma electrónica da Xunta de Galicia , o convenio coa Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC) con NIF: Q6550009B, para a xestión da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA) correspondente ao segundo semestre de 2024. O convenio na súa cláusula cuarta recolle que o financiamento será de 9.075,00 euros (NOVE MIL SETENTA E CINCO EUROS).

Desde a sinatura e realizada a programación cultural correspondente a este convenio, procedese, previa comprobación da documentación necesaria para a formalización dos contratos, á sinatura dos mesmo coas compañías para a realización das funcións nas condicións establecidas e pactadas no marco do procedemento da RGTA.

A continuación detallase a programación que o concello de Vilagarcía, ten previsto realizar no segundo semestre do 2024 así como a achega establecida (Condición 4ª do convenio):

COMPañÍA	ESPECTÁCULO	DATA	HORA	ACEHGA	ACHEGA	TOTAL
----------	-------------	------	------	--------	--------	-------

					AGADIC	CONCELLO	
ETIQUETA PRODUCCIONES CIF-B27495431	NEGRA Go Home	19/10/2024	20:00		2.359,50	2.359,50	4.719,00
CHEVERE PRODUCCIONES SL CIF-B156365517	Helen Keller, a muller marabilla?	23/11/2024	20:00		2.178,00	2.178,00	4.356,00
TOTAL					4.537,50 €	4.537,50 €	9.075,00 €

O Concello, asumirá o pago dos dereitos de autor ou calquera outro canon, arbitrios, etcétera, devengados pola celebración da representación obxecto deste contrato.

A Xunta de Goberno Local de data 16 de setembro de 2024, acordou aprobar as actuacións indicadas, así como a aportación municipal.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura dos contratos arriba indicados, coas compañías que forman parte da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios-AGADIC.

PRP2024/3571

Dáse conta da chegada a este Concello da resolución do 5 de xullo de 2024, d a Secretaría Xeral da Lingua , da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, pola que se conceden subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega , ao abeiro da convocatoria regulada na Orde do 13 de marzo de 2024 (DOG número 61, do 26 de marzo de 2024).

Na Xunta de Goberno Local do 29/04/2024, o Concello de Vilagarcía acordou solicitar a devandita subvención para a realización dun proxecto integrado polos seguintes programas:

1. Celebración do programa municipal Día das Letras Galegas 2024, cun orzamento previsto de 3.000,00 €
 2. Campaña «Implicados co galego» (IES Castro Aobre), cun orzamento previsto de 3.775,20 €
- TOTAL: 6.675,20 €.

Os gastos autorizados para o desenvolvemento do proxecto foron os seguintes:

1.- PROGRAMA MUNICIPAL DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2024:

- Contcontos: Tinta do Mar. Pequena biografía de Luisa Villalta, polo Correo do Vento SC, por importe de 437,75 € (IVE incluído)
- Festival Letras Galegas coa AC Nós de Sobradelo, pola Asociación cultural Nós de Sobradelo, por importe de 600,00 €
- Día das Letras Galegas Escolar coa Asociación A Mesa das Verbas. Libros participantes: 50 unidades do libro Tinta do Mar. Pequena biografía de Luísa Villata , colección Mulleres Galegas, por Edicións Lela - Carlos Roberto Alvares Taboada, por importe de 300,00 € (IVE incluído)
- Día das Letras Galegas no Carril: Concerto de Xosé Duarte, Proxecto Limiar, por Xosé Duarte Rañó Bueno, por importe de 1.452,00 € (IVE incluído)
- SGAE: por importe de 500,00 €

2.- CAMPAÑA "IMPLICADOS CO GALEGO"

- Actividade: Campaña «Implicados co galego», co IES Castro Aobre. Fomento do uso do galego no comercio local: 6000 bolsas «tote bag», por Lamark Publicidad - Débora Fontenla Oliveira, por importe de 3.375,20 €

A Secretaría Xeral da Lingua resolveu a concesión da devandita subvención por importe de 3.163,00 € (TRES MIL CENTO SESENTA E TRES EUROS).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

CONTRATACIÓN

PRP2024/3513

Con data de decembro de 2023, asinouse convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo, en adiante IGVS, e o Concello de Vilagarcía de Arousa para o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

O devandito convenio ten por finalidade a rehabilitación do edificio principal e anexos na Avda. Doutor Tourón nº 3 (Casa Jaureguizar), propiedade deste concello.

O IGVS comprométese a financiar a actuación descrita mediante a disposición da cantidade de 884.250,27€, transferidos ao concello de Vilagarcía de Arousa, de acordo co establecido na cláusula terceira do convenio.

Pola súa banda o concello de Vilagarcía de Arousa comprometeuse a destinar as cantidades a execución da actuación arriba referida e a repoñer no número de conta ES97 2080 0388 28 3110002902, as cantidades percibidas con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de 8 anos, mediante o ingreso dos seguintes importes, antes do 30 de setembro de cada ano:

Anualidade 2024 110.531,28

Anualidade 2025 110.531,28

Anualidade 2026 110.531,28

Anualidade 2027 110.531,28

Anualidade 2028 110.531,28

Anualidade 2029 110.531,28

Anualidade 2030 110.531,28

Anualidade 2031 110.531,31

Visto o que antecede e, en cumprimento do establecido no convenio de colaboración asinado entre do Instituto Galego de Vivenda e Solo, en adiante IGVS, e o Concello de Vilagarcía de Arousa para o acceso ao Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- O recoñecemento de obriga a favor do Instituto Galego da Vivenda e Solo, repoñendo no número de conta ES97 2080 0388 28 3110002902, a cantidade de 110.531,28 €, correspondente á anualidade 2024, do Fondo de Cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, con cargo á partida 011.911.

Segundo.- Remitir o presente acordo á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, facendo constar que as obras non están iniciadas, porque están pendentes de obter a autorización de Patrimonio.

PRP2024/3552

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 23/10/2023 adoptou o acordo de aprobar a proposta de aluguer do local comercial, de superficie 211 m², situado na rúa Avelina Nogueira núm. 23, con destino á ubicación, temporal, dos comerciantes e placeiros que nestes momentos desenvolven a súa actividade na praza de abastos de Vilaxoán, por un período de 6 meses, motivado polas obras que se desenvolven na citada praza de abastos, por un importe de 1.186,27 € (IVE incluído) ao mes, dende o 1 de novembro de 2023 ata o 30 de abril de 2024.

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar do día 27 de maio de 2024, acordou prorrogar, ao propietario do local (PANADERIA A ESPÍÑEIRA, S.L N.I.F. B36280147) do aluguer do local comercial, de superficie 211 m², situado na rúa Avelina Nogueira, 23 con destino á ubicación, temporal, dos comerciantes e placeiros ata a subministración da equipación frigorífica na Praza de

Vilaxoán, cun prazo estimado de 4 meses.

Visto o expediente incoado en data 23/05/2024, para a contratación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, mediante licitación electrónica a través dos servizos da plataforma de contratación do sector público (PLACSP), para adxudicar o contrato de subministro denominado “Subministro e instalación de equipamento frigorífico na praza de Abastos de Vilaxoán”, e unha vez finalizado o mesmo.

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda dar por finalizado, o aluguer do local comercial de superficie 211 m², situado na rúa Avelina Nogueira, 23 destinado temporalmente á ubicación dos comerciantes e placeiros, facéndose efectiva dita finalización do contrato de aluguer, con efectos do 1 de novembro de 2024.

PRP2024/3582

Pola empresa que actualmente presta o servizo de limpeza de edificios e instalacións dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa, CLECE S.A, remítese proposta para a prestación do devandito servizo dende o 1 de setembro de 2024 ata o 31 de agosto de 2025, cun incremento de 3,5% motivado pola permanencia ao alza dos produtos de limpeza entorno ao 9% e pola previsible subida dos costes de man de obra, vinculados á negociación do convenio de limpeza da provincia de Pontevedra, que no caso de non chegar a acordo, os salarios aumentarían coa subida do IPC real.

A empresa remite a relación de instalacións onde actualmente se realiza a limpeza e o seu custe mensual que ascende a 115.919,23 € (con IVE) que multiplicado por 12 meses supón un importe de 1.391.030,76 € (con IVE).

A este custe anual habería que engadir o seguinte presuposto:

- Limpeza Xeral PREVIA á limpeza de mantemento do Parking Xoán XXIII cun custe de 337,81 € (IVE INCL.)

TOTAL ANUAL: 1.391.368,57 € (con IVE).

O organismo FUNCAS (Fundación Cajas de Ahorro) publicou unhas previsións do IPC total para o ano 2024, cunha previsión para decembro de 2024 do 3,5%.

Con respecto ao último período (setembro 2023 – agosto 2024) prodúcense os seguintes cambios:

1. Se suprimen as limpeza das Escolas de Guillán e Solobeira, así como a da aula de educación de adultos.
2. As instalacións de A Maroma (GAC), oficina municipal en A Maroma e o conxunto de servizos para a fundación Fexdega, se dan de baixa no Concello para pasar a ser facturados directamente a Fexdega.
3. Incorpórase como servizo municipal a limpeza periódica do Parking Xoán XXIII. A limpeza xeral previa do parking Xoán XXIII, propónse a súa aprobación dun xeito aislado por tratarse dunha limpeza especial.

Polo anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o presuposto de limpeza xeral previa á limpeza de mantemento do Parking Xoán XXIII, por importe de 337,81 € (IVE engadido).
2. A continuidade da prestación dos servizos de limpeza das dependencia e instalacións municipais, colexios públicos e FPSDM, por parte da empresa CLECE S.A. para o período do 1 de setembro de 2024 ao 31 de agosto de 2025, cun incremento do 3,5%, resultando unha cuantía total anual de 1.391.368,57 € (con IVE).
3. Dar conta de que se están iniciando os estudos necesarios por parte do Departamento de

Contratación para licitar o presente servizo.

PRP2024/3563

Dáse conta da acta da Xunta Xeral Ordinaria do 30/04/2024 da Comunidade de Propietarios do Edificio Casino na que se aprobou por unanimidade a realización das obras de illamento de fachadas e o orzamento da empresa Construser 94/24/BH. Establecese asemade que a data límite do pago para a derrama será o 30 de setembro de 2024.

A Biblioteca Pública Municipal sitúase na actualidade no citado edificio, no local ocupado anteriormente polo Liceo-Casino, e na acta recollese que a cantidade que lle corresponde ao Concello de Vilagarcía como propietario do local 16 por dita derrama ascende a 51.975,00 €.

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o pago a favor da Comunidade de Propietarios do Edificio Castelao 7 do importe citado de 51.975,00 €, con cargo á partida orzamentaria 3321.212.

PRP2024/3607

Con data 9 de setembro a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o orzamento presentado pola Empresa REDINOR SL para o subministro de 1000 paquetes de papel DIN-A4 80 gr. para os Servizos Municipais da Casa do Concello, por un importe total de 4.162,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.

Por parte da Empresa adxudicataria manifestase que o prezo aprobado xa non se corresponde co prezo actual, remitindo novo orzamento por un importe total de 4.464,90 € para o citado subministro.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda deixar sen efecto o acordo de data 9 de setembro e aprobar o novo orzamento presentado pola Empresa REDINOR SL para o subministro de 1000 paquetes de papel DIN-A4 80 gr. para os Servizos Municipais da Casa do Concello, por un importe total de 4.464,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2024/3605

Visto o expediente de gasto INT/2024/408 integrado pola relación de xustificantes F/2024/94 por importe de 5.125,25€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Ampliación do crédito no seguinte acordo, como consecuencia de variacións xurdidas durante a execución do contrato en cuestión:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe	Texto Libre	MODIFICACION
220240015050	A	30/07/2024	338 225	3.000,00	GASTOS ESTIMADOS AUTORIDADE PORTUARIA FESTAS S. ROQUE 2024	735,52€

SEGUNDO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/94 por importe de 5.125,25€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nombre	Texto Explicativo
F/2024/5331	0/2024/2629	31/07/2024	388,12	334	225	AUTORIDAD PORTUARIA DE VILAGARCIA	TASA OCUPACIÓN PARQUE PÚBLICO E AUDITORIO 2º SEMESTRE 2024

F/2024/5 332	0/2024/2628	31/07/20 24	949,00	920	22500	AUTORIDAD PORTUARIA VILAGARCIA	DE	TAXA OCUPACIÓN UTILIZACIÓN PARCELA 03-004 PARA ENSINANZAS NAÚTICAS E DEPORTIVAS
F/2024/5 333	0/2024/2630	31/07/20 24	52,61	920	22500	AUTORIDAD PORTUARIA VILAGARCIA	DE	TASA DE ACTIVIDADE UTILIZACIÓN DA PARCELA 03-004 ENSINANZAS NAÚTICAS E DEPORTIVAS.
F/2024/6 132	0/2024/2794	31/08/20 24	687,81	338	225	AUTORIDAD PORTUARIA VILAGARCIA	DE	TASA DE ACTIVIDAD. INSTALACIÓN Y EXPLOTACIÓN DE ATRACCIONES DE FERIA DURANTE LAS FIESTAS DE SAN ROQUE 2024
F/2024/6 133	0/2024/2793	31/08/20 24	3.047,71	338	225	AUTORIDAD PORTUARIA VILAGARCIA	DE	TASA DE OCUPACIÓN. INSTALACIÓN Y EXPLOTACIÓN DE ATRACCIONES DE FERIA DURANTE LAS FIESTAS DE SAN ROQUE 2024
		TOTAL:	5.125,25					

PRP2024/3573

Visto el expediente de gasto INT/2024/410 integrado por la factura con registro de entrada 2024/4815 por importe de 6.037,90€.

Vista la fiscalización previa favorable de la Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMERO: Reconocimiento de la Obligación para la factura con registro de entrada 2024/4815 por importe de 6.037,90€, con el siguiente desglose:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Nombre	Texto Explicativo
F/2024/4 815	CDF 240010	15/07/20 24	6.037,90	4311	2261018	CDF CONSULTORIA Y GESTION FORMATIVA, S.L.	· Programa de tutorización para a mellora competitiva do comercio local. () / · Acordo da Xunta de Goberno Local de
		TOTAL	6.037,90				

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.